



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

180

Boado, Mesía. Xaneiro 1980.

♩ : 112

1) Xo-co-bé-ño da Por-te-la Lá-ca-ba de se-ca-sar con
Car-me-la da Fu-ra-da a máis qua-pa do Lu-gnar

Xa-co-be-ra lú-lo un gran ve-te-ra-no pe-ro o ca-sar-se
per-sou que Car-me-la es-ta-ba cu-íe-ra e a pobri-an-da-bá

le-vo-un gran pe-tar-do de má-la ma-nei-ra

2) U-nha tar-de de in-ver-no que fa-cí-a moi-to frío

Car-me-la e máis Xo-co-bo to-pá-ron-se no mu-ú-ño

variantes estróficas:

3) 5) 8) 9)

4) 6) 7) 10)

11)

8)

6) 9) 10)

14)

4) 6) 7) 10) 11) 5) 9) 8)

4) 5) 8) 10) 6) 7) 9) 11)

6) 4) 11) 7) 8)

9) falta 7) 8)

10) 5) 4)

11) 6)

12) 4) r.

Ordes IV,2,220. Antonio 71.

L: 116.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Xacobiño da Portela
acaba de se casar
con Carmela da Furada,
a máis guapa do lughar.

Xacobo era listo,
un gran veterano,
pero ó casarse
levou un gran petardo.

Pensou que Carmela
estaba en cillera,
e a pobre andaba
de mala maneira.

Unha tarde de inverno
que facía moito frío
Carmela e máis Xacobo
topáronse no muíño.

E aquela tarde,
Xacobo contento
tratou con Carmela
e o seu casamento.

Pero a Carmeliña
xa estaba arreglada
e o pobre Xacobo
non sabía nada.

Ó cabo de catro días
que de casados levaban
alá pola media noite
Carmela púxose mala.

E o pobre Xacobo
tirouse da cama,
“¿Qué tes Carmeliña
miña nemorada?”.

“Eu non sei que teño
nin sei que poido ter”.
volá polo médico
Xacobo a correr.



“Pero antes de marchar
tráeme unha pouca manteiga
pra fregarlle a esta barrigha
que me doe que é unha meigha. ”

Xacobo descalzo,
mortiño de frío,
catorce escaleiras
saltounas dun brinco.

Abreu a lacena,
colleu a manteigha
e de tanta prisa
rompeu a pucheira.

Xacobo, tod’apurado,
colleu unha presa chea
e chorand’o pobre home
foi pa xunto da Carmela.

“Frótame, frótame,
Carmela decía,
aprétame ben
de baixo pra riba.

Que eu non sei que teño
na miña barrigha:
dolores tan grandes
non os tuven na vida”.

Despois das freguiñas dadas
Xacobo todo apurado
foi o pobre polo médico,
que cheghou de contado.

Mirouna con xeito,
por baix’e por riba,
ó ver como estaba
pegáballe a risa.

Xacobo chorando
moi triste decía
“Fágallo que poida
por salvarlle a vida”.



“Esta rapaza está ben,
por hoxe non hai peligro,
porque o mal qu’ela tén
é un mal moi conocido.

Este mal é corto
pero é moi claro
porque a rapaza
ándache de parto”.

“Señor doctor, non s’engañe”.
dixo Xacobo enseguida,
“Porque o que usted me dí
creo que será mentira”.

Solo catro días
que levo casado,
como poder ser
que ande de parto?

“Pois esto éche verdá,
tén pacencia, Xacobiño,
que nacéndoche na casa,
pois sempre será teu fillo”.

“Eu non quero nada”.
Contestou Xacobo,
“Alá a miña sogra
que cargue con todo”.

“Ela tivo a culpa
que eu fora casado,
sabendo ca filla
tiña contrabando”.

Carmeliña dou a lus
de un neniño moi ghuapo,
e co seu chorar decía:
“Xacobo, vaimos arrolando”.

Pero o Xacobo
marchouse da casa,
tan siquera quixo
mirarlle pra cara.



Arreglou as cousas,
foise á Venezuela
e deixou quedar
á pobre Carmela.

Así é que rapaciños
hai que ter moito coidado
hai que mirar ben as mozas
que non leven contrabando.

Miralas con xeito
por baixo e por riba
como á melitares
pasarlle revista.

O pobre Xacobo
por ser confiado
levou á muller
roida dos ratos.

Nota de edición: Aínda que neste caso no Cancioneiro Popular Galego aparece como data de recolla xaneiro de 1980, consideramos que se trata dun erro e que esta gravación foi realizada en decembro de 1979. As datas das demais pezas da mesma cinta, así como as referencias delas no Cancioneiro, son todas de decembro do ano 1979.